




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Oriental. Municipios: Ribadeo e Barreiros. Parroquias: San Pedro de Rinlo, San Lourenzo de Vilaframil, San Vicente de Covelas e Santalla da Devesa (Ribadeo); Santiago de Reinante, San Miguel de Reinante, San Xulián de Cabarcos e San Pedro de Benquerencia en Barreiros. Extensión: 27,83Km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Paisaxe moi marcada pola xeomorfoloxía. Combina unha costa rochosa acantilada, recortada, con extensas praias a pé acantilado, algunhas intermareais, outras con grandes dimensións e zona de dunas, para converterse nunha típica costa mixta. Os cantís, verticais, de teito plano, con numerosas xeofomas de notable espectacularidade (arcos, túneles, bufadeiros), forman parte importante do patrimonio xeomorfolóxico galego. Moi ampla chaira litoral, degradada escasamente por pequenos cursos fluviais, que dá paso a unha potente e empinada vertente que une a serra costeira do Mondigo. Trátase dunha parede tectónica rectilínea que se eleva a 569m de altitude. Inclúe o EIX Costa rochosa de Ribadeo e As Catedrais.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio de lousas e cuarcitas paleozoicas da Serie de Vilameá, aflorando nos cantís –salvo Punta do Castro, con areas feldespáticas da formación Cándana-Herrería - e na serra do Mondigo. O resto está fosilizado por sedimentos cuaternarios asociados á chaira costeira (rasa), sendo de tipo coluvional desde a liña do ferrocarril cara á serra, cunha franxa de ladeira desde aproximadamente o trazado da autovía, onde aparecen capas de derrubamentos de ladeira, moi potentes no caso da cabeceira dos arrosios de Santiago e da Barranca. Case todos os arrosios (Cabalar, da Rochela, Vilar, Santiago e Barranca) presentan, nos seus suaves sucros, depósitos aluviais. Nas cabeceiras dos arrosios Santiago e Barranca sucédense, en capas, materiais do Ordovícico inferior-cuarcitas e lousas - e medio –lousas negras da unidade Pizarras de Luarca -.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Transición climática de costa a interior: primeira franxa costeira de dominio Cálido e Seco con temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións entre 800mm e 1000mm. Nas vertentes das aliñacións montañosas traseiras hai un incremento nas precipitacións medias anuais (de 1000mm a 1200mm) definindo o dominio climático Cálido e Subhúmido. A área de cumes pertence ao dominio Temperado-Subhúmido debido principalmente ao lixeiro descenso térmico con medias anuais entre 12-14°C.

#### OS SOLOS

Catena de solos desde a serra costeira cara á fachada acantilada. No cume dos montes do Mondigo e Pena Longa desenvólense solos pouco evolucionados tipo regosol, dando paso aos umbrisois dísticos e cambisois eútricos das súas ladeiras. Na chaira costeira dominan os solos tipo cambisol gleico interrompidos polos gleisois dos vales fluviais que atravesan de sur a norte a unidade.


#### AS AUGAS

A rede fluvial desenvólvese de sur a norte nunha secuencia de arrosios destacando pola súa lonxitude o Rego da Barranca e na parte central os regos da Rochela e Vilar que conflúen pouco antes da pequena enseada do Cadramón. A estrutura fluvial verte na masa de Augas Costeiras 20110 que se estende entre Punta Corveira e a Ría de Foz.

#### O PATRIMONIO NATURAL

O LIC As Catedrais protexe a franxa costeira. Destacan os hábitats: bancos areosos intermareais e submareais (1110 e 1140); o grupo 21 de dunas na praia de Área Longa; os cantís atlánticos (1230) tras os que aparecen sectores pouco transformados con breixos secos atlánticos (4040); e as covas mariñas mergulladas e semimergulladas (8330). No ámbito máis continental recoñécense masas de ribeira (91E0) nos arrosios Cabalar, Rochela, Vilar, Santiago e, especialmente, Barranca) así como algunhas masas de recolonización. Nas partes altas da serra consérvanse breixos de altura (grupo 40). Conta con varias citas do taxon vulnerable protexido *Limonium dodartii*.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O uso dominante é o cultivo forraxeiro asentado sobre a chaira costeira. Nesta planicie, e ademais, localízase a rede de asentamentos e a rede viaria. Alí onde a planicie acaba e se encontra coas ladeiras setentrionais da serra do Mondigo o uso dominante é o forestal a excepción da área de cumes, onde aparecen zonas de mato de substitución. A rede hidrográfica conserva retallos de vexetación de ribeira que son máis notorios no caso do regueiro de Barranca e o rego de Santiago, no oeste da unidade. A singularidade da costa desta unidade xunto coa existencia de zonas de praia provoca a implantación de equipamentos turísticos (cámping, servizos, residencias) na liña máis próxima ao mar.

#### MORFOLOXÍA

É posible diferenciar dous sectores: o oriental, onde se produciu un proceso de concentración parcelaria que favoreceu a existencia dunha densa rede de vías que dividen o territorio; e o sector occidental, que conserva aínda a maioría dos trazos primixenios do parcelario: subdivisión e reducidas dimensións das parcelas, que presentan variedade de orientacións. Como paradoxo, este sector é o que está a experimentar a aparición de procesos de crecemento espontáneo, cuxa tipoloxía se sitúa á marxe do modelo preexistente. Con todo, a maioría dos asentamentos da unidade caracterízanse por albergar conxuntos arquitectónicos de grande interese patrimonial, respondendo a orixe fundacional dos mesmos e conservando, por tanto, a maior parte dos trazos de identidade do modelo tradicional. Entre eles, destacan Meirengos, O Rato, O Barral, Vilandríz, A Devesa, A Rochela, Santiago e San Miguel de Reinante.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A autovía A-8 cruza a unidade en sentido este-oeste e localízase na zona de contacto entre a planicie e as ladeiras do sur da unidade, minimizando o seu impacto visual desde a costa. A autovía ten habilitado un acceso que permite a conexión coa rede viaria de menor rango que articula a unidade. A N-634 atravesa a planicie costeira en sentido lonxitudinal á costa e é precisamente o eixo viario que estrutura o conxunto e fundamentalmente os novos procesos de edificación. A rede secundaria é especialmente intensa e aínda máis no sector oriental da unidade, onde resulta desproporcionada. O ferrocarril de FEVE continúa o seu trazado paralelo e moi próximo á costa, de tal modo que hai zonas onde apenas dista cincocentos metros do mar. Sinalar, finalmente, que a rede viaria tradicional parece terse desdubuxarse no oriente da unidade e preservado unha maior integridade na zona occidental.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

As favorables condicións topográficas que presenta a unidade para o asentamento humano quedan reflectidas no elevado número de depósitos arqueolóxicos catalogados que testemuñan a ocupación deste territorio desde tempos remotos. Destacan a existencia de varios castros, dous de emprazamento costeiro (Os Castros e Meirengos), e outro de interior (A Roda), e varios túmulos ou mámoas (O Freat, e Mámoa de San Miguel de Reinante). Existe, ademais, un innumerable rexistro de bens de interese cultural catalogados (até 49 elementos recoñecidos) que se concentran fundamentalmente nos asentamentos tradicionais repartidos ao longo da unidade. Estes inclúen elementos de carácter relixioso (igrexas, ermidas, capelas, casas reitorais e cemiterios), civil (pazos, casonas de indianos, casas brasonadas, antigas escolas, etc) e etnográfico (hórreos, coñecidos nesta zona coa denominación de cabozos, pombais, cetarias, lavadoiros, ou muíños).



## O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter tradicional e agrario, a pesar de ser o trazo predominante da unidade, presenta visos de cambio nos últimos tempos pola introdución dunha nova variable: o recurso turístico do sector de "Augas Santas" que inclúe a singular Praia das Catedrais e a veciña Praia de San Miguel de Reinante. Este feito está a xerar o crecemento dos núcleos orixinais e a aparición de novas agrupacións edificatorias que conforman urbanizacións illadas próximas aos eixos viarios existentes. O conxunto da unidade presenta unha lectura lonxitudinal, de leste a oeste, seguindo as sucesivas bandas que estruturan as vías de comunicación paralelas á costa (ferrocarril, estradas locais, nacional e autovía) e impostas sobre o suave relevo da chaira costeira. A N-634, desvélese como o elemento crave para entender a organización territorial da unidade pois enlaza, maioritariamente, os primeiros asentamentos do litoral e a partir dela, a rede viaria subsecuente enlaza os restantes.

## DINÁMICA DA PAISAXE

A concentración parcelaria da zona oriental da unidade é evidente, facilitando a implantación de novos viarios rectilíneos. A construción da autovía A-8 supón unha nova posibilidade de acceso e ao mesmo tempo, a división efectiva da unidade en dous sectores, a chaira ao norte e o fondo escénico de carácter forestal ao sur. A dinámica construtiva incide principalmente ao longo dos eixos de comunicación e nos terreos máis próximos á liña de costa, en especial nas proximidades da praia de San Miguel de Reinante, no sector noroccidental da unidade. O atractivo do litoral maniféstase na presenza de equipamentos e instalacións de carácter turístico/recreativo. Apréciase tamén un moderado crecemento dos asentamentos tradicionais.


## RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade presenta importantes valores ecolóxicos e estéticos, debido, fundamentalmente, á peculiaridade e singularidade das formacións xeolóxicas que compoñen o sector costeiro de Augas Santas e que inclúe a coñecidísima e catalogada Monumento Natural, Praia das Catedrais. De feito, practicamente todo o ámbito litoral, fóra da Praia de San Miguel de Reinante, está considerado como un Espazo de Interese Xeomorfolóxico e toda a costa, sen excepcións, está incluída nas proteccións correspondentes ao LIC e ZEPVN das Catedrais, segundo o Directiva Hábitat e lei galega de espazos protexidos respectivamente, ampliando o seu ámbito á desembocadura do Arroio da Barranca. Doutra banda, na zona central da unidade finaliza a influencia da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón que integrara todo o territorio galego desde a desembocadura do Río Eo. O sector que constitúe o peche meridional da unidade, coincidente coa fachada norte da Serra do Mondigo presenta unha densa cuberta forestal que mellora a calidade paisaxística do fondo escénico da unidade e que ademais alberga as fontes dos principais cursos fluviais que sucana a unidade. Se importantes resultan os valores ambientais deste territorio, non quedan atrás os valores de carácter arqueolóxico e sobre todo cultural, pois son moitos e moi variados os existentes nos diferentes núcleos tradicionais localizados na unidade. Por último, sinalar que o Monte Coroa, no extremo suroriental da unidade, está considerado como un Espazo de Interese Paisaxístico pois a enerxía do seu relevo constitúe como un elemento sobresaliente que posibilita observación e comprensión desta unidade. Na fronte costeira esta unidade con múltiples puntos de observación xa que existe un paseo urbanizado na cabeza dos cantís que dispón de zonas de lecer. Destaca o punto de observación dos Carreiros, xa que se trata dun observatorio de paisaxe didáctico das unidades de paisaxe tipo B3, frentes acantiladas de teito plano





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos non vinculados a un núcleo fundacional, constituídos por unha tipoloxía de baixa densidade, sen funcionalidade urbana ou rural e sen identidade poblacional, con acceso dende o paseo construído detrás das dunas da Praia de San Miguel de Reinante ou Arealonga de Reinante. O Obxectivo é minimizar os efectos sobre o areal a favor da calidade escénica e ambiental deste lugar e evitar un continuo edificado.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:24 183

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





